

CONVOCATORIA DE DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE 2025-2026

De conformidade cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e consonte o Regulamento de Asistencia a Clase nas Ensinanzas Oficiais de Grao e Máster da USC, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias, o estudiantado da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría poderá solicitar a dispensa de asistencia a clase, mediante solicitude motivada e debidamente acreditada.

1. Solicitudes.

A solicitude, xunto coa documentación xustificativa correspondente, enviarase por correo electrónico ao seguinte enderezo epse.uxcd@usc.gal

O formulario e a información da convocatoria atópase en <https://www.usc.gal/es/centro/escuela-politecnica-superior-ingenieria/dispensa-asistencia>

O prazo de envío será:

- 1º prazo: **1 setembro 2025 - 22 setembro 2025**. Neste prazo poderanse incluír materias dos dous semestres e anuais.
- 2º prazo: **27 xaneiro 2026 – 10 febreiro 2026**. Prazo exclusivo para materias do 2º semestre.

No suposto de concorrer causas imprevisibles e sobrevidas, as solicitudes poderán presentarse con posterioridade aos prazos sinalados, pero sempre **no prazo dos 5 días hábiles seguintes** a causa que o xustifique.

2. Causas para a solicitude de dispensa.

a) Enfermidade grave ou tratamentos médicos inaprazables que impidan a presenza do/da estudante no centro. Esta circunstancia deberá estar acreditada polo servizo de saúde.

b) Embarazo de alto risco, ter menores a cargo de ata 3 anos de idade e coidado de persoas dependentes a cargo ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, debidamente acreditados.

c) Prestación de servizos por conta allea ou por conta propia debidamente acreditada (alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social, copia do contrato de traballo ou dos encargos a realizar, copia do recibo de pago da última cotización).

d) Situación de acoso, violencia de xénero ou similar así como supostos de adopción de medidas cautelares ditadas en procesos xudiciais e expedientes disciplinarios.

e) Calquera causa de forza maior debidamente acreditada a xuízo da Xunta de centro ou comisión competente.

f) Estudiantado con necesidades educativas especiais solicitando a adaptación do sistema de avaliación.

4. Resolución.

A comisión do título deberá emitir un informe motivado para a resolución das solicitudes de dispensa.

No caso de ser aceptada, producirá efectos a partir da data na que a resolución definitiva sexa publicada no taboleiro electrónico da USC. Neste caso, a concesión da dispensa determinará o sistema de avaliación que debe seguirse e no que poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral das materias. **Será requisito obrigatorio que os estudantes se poñan en contacto co profesorado responsable das materias** co fin de establecer, se é o caso, un plan de traballo alternativo.

A resolución provisional será publicada no taboleiro electrónico da USC e na páxina web do centro.

Contra esta proposta, as persoas solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 5 días hábiles desde o día seguinte á publicación da mesma, no mesmo enderezo electrónico no que presentaron a solicitude.

Transcurrido este prazo, a resolución pasará a definitiva publicándose novamente no taboleiro electrónico da USC e na páxina web do centro.

A Directora da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Rosa Romero Franco

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA ROMERO FRANCO, DIRECTOR A DA ESCOLA POLITECNICA SUPERIOR DE ENXEÑARIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/07/2025 11:34:04.

CSV: A944-C3CC-414C-9BA5